



Estimadas nais e pais

A pesar dos esforzos realizados no eido da prevención, as condutas adictivas entre a mocidade seguen a ser un dos principais problemas sociosanitarios tanto en España, como no conxunto da Unión Europea, unha preocupación de primeiro orde tamén entre a comunidade educativa e as familias da nosa cidade.

A recentemente aprobada Estrategia Nacional sobre Adicciones 2017-2024 advire de seis elementos concretos que precisan unha rápida resposta institucional: (1) a precocidade no inicio de consumo das drogas; (2) o incremento dos niveis de consumo, especialmente no caso do cannabis; (3) o patrón de consumo de alcohol, cada vez mais intensivo ou en forma de atracón; (4) a preocupante incorporación da muller ao consumo das diferentes sustancias; (5) a aparición de novas sustancias psicoactivas e novas modalidades de consumo cuíos efectos son as veces incluso descoñecidos; (6) ou mesmo toda a problemática relacionada co uso masivo de Internet, as redes sociais e as tecnoloxías, nomeadamente a adicción aos videoxogos e as apostas en liña, que enganchan cada vez a un maior número de menores.

O Concello de Vigo, desde o seu Plan Local de Drogodependencias e outras Adiccions (PLDA), vén desenvolvendo unha ampla actividade neste campo, sempre fundamentada en directrices emanadas da evidencia científica. En 2005 o Concello promoveu o primeiro e único estudo epidemiolóxico realizado no noso ámbito local sobre "drogodependencias e outras adiccions en mozos e mozas de 14 a 21 anos da cidade de Vigo", e que serviu de base para a elaboración do programa que se estivo desenvolvendo ata a actualidade. Dada a rápida evolución da sociedade consideramos necesario voltar a avaliar toda esta problemática, con datos propios e actuais da nosa mocidade, que axuden a comprender mellor o que está a pasar e desenvolver medidas preventivas verdadeiramente eficaces. O estudo para o que pedimos a vosa colaboración vai permitir aos nosos técnicos facer un diagnóstico de base que nos proporcione non só datos obxectivos e fiables dos niveis de consumo, senón tamén información para afondar nos escenarios, motivos e patróns de consumo, crenzas e expectativas, novas prácticas e tendencias e novos tipos de adiccions (como as mencionadas adiccions tecnolóxicas).

Para facelo posible necesitamos a colaboración de toda a comunidade educativa, polo que vos convido a participar activamente no desenvolvemento deste novo estudo científico. O procedemento para a recollida da información consistirá na cumplimentación telemática de maneira voluntaria dun breve cuestionario, por parte do alumnado de Ensino Secundario Obligatorio, Bacharelato e Ciclos de Formación Profesional. Os datos recolleranse nos propios centros educativos, de xeito coordinado coa dirección e o profesorado e tentando sempre interferir o menos posible na súa actividade docente. O cuestionario cubrirase de maneira individual e sempre garantindo o anonimato e a confidencialidade das respuestas, xa que en ningún momento se lles pedirá ningún tipo de dato persoal ou identificativo ás/ós vosas/os fillas/os.

Estamos convencidos de que a realización de traballos coma este son fundamentais para desenvolver políticas educativas e de prevención realmente eficaces e á altura dos novos tempos. Agardo poder contar coa vosa colaboración para así, entre todos e todas, seguir avanzando na procura do mellor para a mocidade de Vigo, que é o futuro da nosa sociedade.

Vigo, 01 de marzo de 2019

Isaura Abelairas Rodríguez
Concelleira Delegada da Área de Política Social
Concello de Vigo